

**A Peroxa****Edicto**

Bases xerais e específicas para a contratación laboral temporal a xornada completa dun/dunha traballador/a para desempeño do Xulgado de Paz no Concello da Peroxa

**Base primeira.**

1.- De conformidade co convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello da Peroxa, de data 20 de decembro de 2010, é obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal a xornada completa para obra ou servizo determinado no convenio, e sempre que non se produza a condición extintiva recollida na disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008 polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz, polo sistema de concurso de valoración de méritos, do/a traballador/a que a continuación se indica, con expresión da obra/servizo:

Traballadores/as; Obra/servizo; Un/unha (1)

Desenvolvemento das funcións propias da secretaría do xulgado de paz nos termos da disposición transitoria primeira do Decreto 168/2008, do 24 de xullo, polo que se regulan as agrupacións de secretarías de xulgados de paz (DOG do 12 de agosto de 2008).

O procedemento de contratación será o concurso.

A duración do contrato: ata o 30 de novembro de 2011.

**Base segunda.-**

Os requisitos dos aspirantes serán os seguintes:

a) Nacionalidade: te-la nacionalidade española. Ademais, e consonte co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, poderán acceder-los nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. Estas regras aplicaranse, de se-lo caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, poderán acceder a ela os estranxeiros que se atopen residindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

b) Idade: ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

d) Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nestes termos, o acceso ó emprego público.

e) Acreditar un tempo de desempeño nunha secretaría de xulgado de paz, en localidades de menos de sete mil habitantes, superior ós cinco anos sen relación laboral coas administracións públicas.

**Base terceira.-**

Poderá ser solicitada a participación por calquera persoa que reúna as condicións citadas.

As solicitudes presentaranse no prazo de cinco días naturais dende a publicación destas bases no BOP de Ourense.

**Base cuarta.-**

Unha vez recibida a relación nominal dos solicitantes, publicarase esta no taboleiro de edictos do concello e concederase un prazo de tres días para corrixir erros, incluíndo ademais a designación dos membros do tribunal de selección. Unha vez resoltas as ditas reclamacións, comunicarase, mediante anuncio no taboleiro e comunicación telefónica ou mediante correo electrónico ós afectados, a súa elección e a data de realización da valoración dos méritos achegados.

**Base quinta.-**

1. O procedemento de selección será o concurso.

Constituirase un tribunal específico de selección que será designado por resolución da Alcaldía, e a súa composición será a determinada pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, tendo en conta o previsto na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes así como na lexislación concordante.

**Base sexta.-**

Fase de concurso de valoración de méritos.

Os méritos que valorará o tribunal serán os seguintes:

1.- Ter sido designado para o desempeño da secretaría do xulgado de paz dalgún concello, sempre e cando o veña realizando sen relación laboral coas administracións públicas e acredite un tempo de desempeño superior ós cinco anos.

Os criterios de valoración dos méritos:

- Por desempeño da Secretaría do Xulgado de Paz do Concello da Peroxa, sempre e cando o veña realizando sen relación laboral coas administracións públicas e acredite un tempo de desempeño superior ós cinco anos e que non exceda de seis: 5 puntos.

- Por desempeño da secretaría do xulgado de paz noutro concello distinto do Concello da Peroxa, sempre e cando o veña realizando sen relación laboral coas administracións públicas e acredite un tempo de desempeño superior ós cinco anos e que non exceda de seis: 4 puntos.

- Por cada ano que exceda de seis no desempeño da Secretaría do Xulgado de Paz do Concello da Peroxa: 1 punto.

- Por cada ano que exceda de seis no desempeño da secretaría do xulgado de paz noutro concello distinto do Concello da Peroxa: 0,75 puntos.

2.- Os méritos que aleguen os interesados e que, de acordo co baremo previsto, desexen que se lles teñan en conta, acreditaranse debidamente por medio de documentos orixinais ou fotocopias destes, que se presentarán cotexadas fidedignamente, significándose que non se valorarán aqueles méritos que a comisión considere que non estiveran suficientemente acreditados.

3.- Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os causados ata a data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias.

**Base sétima.-**

1. Terminada a fase de valoración do concurso o tribunal fará a proposta e elevaraa ó Sr. alcalde para que formule o nomeamento pertinente.

2. Os aspirantes propostos presentarán, dentro do prazo de tres días naturais desde que se fai pública a proposta, os documentos acreditativos das condicións que para participar neste proceso selectivo se esixen na base requirida:

a) Certificado acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función para desempeñar.

b) Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentar co seu orixinal para validar) do título, ou ben, xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición deste.



c) Declaración jurada ou promesa de non ser separado mediante procedemento disciplinario de ningunha administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

Base oitava.-

1. Unha vez concluído o proceso selectivo e achegados os documentos a que se refire a base anterior, o Sr. alcalde, de acordo ca proposta formulada polo tribunal, procederá a formaliza-la relación laboral correspondente.

2. O contrato que se lle realizará á persoa seleccionada é o de obra ou servizo determinado. Redactarase ó abeiro do RD 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Base novena.-

No non previsto expresamente nestas bases, ateranse ó disposto na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, Lei 4/1988, da función pública galega, Real decreto lei 1/1995, do Estatuto dos traballadores, e demais normativa concordante e complementaria na materia.

A Peroxa, 4 de febreiro de 2011. O alcalde.

Asdo.: Manuel Seoane Rodríguez.

#### Edicto

*Bases generales y específicas para la contratación laboral temporal a jornada completa de un/a trabajador/a para desempeño del Juzgado de Paz en el Ayuntamiento de A Peroxa*

Base primera.-

1.- De conformidad con el convenio de colaboración entre la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia y el Ayuntamiento de A Peroxa, de fecha 20 de diciembre de 2010, es objeto de esta convocatoria la contratación laboral temporal a jornada completa para obra o servicio determinado en el convenio, y siempre que no se produzca la condición extintiva recogida en la disposición transitoria primera del Decreto 168/2008, por el que se regulan las agrupaciones de secretarías de juzgados de paz, por el sistema de concurso de valoración de méritos, del/a trabajador/a que a continuación se indica, con expresión de la obra/servicio:

Trabajadores/as; Obra/servicio; Un/a (1).

Desarrollo de las funciones propias de la secretaria del juzgado de paz en los términos de la disposición transitoria primera del Decreto 168/2008, de 24 de julio, por el que se regulan las agrupaciones de secretarías de juzgados de paz (DOG de 12 de agosto de 2008).

El procedimiento de contratación será el concurso.

La duración del contrato: hasta el 30 de noviembre de 2011.

Base segunda.-

Los requisitos de los aspirantes serán los siguientes:

a) Nacionalidad: tener la nacionalidad española. Además, y de acuerdo con lo establecido en la Ley 17/1993, de 23 de diciembre, podrán acceder los nacionales de los demás estados miembros de la Unión Europea, así como los extranjeros que reúnan la condición de cónyuges de españoles o de nacionales de otros estados miembros de la Unión Europea, siempre que no estén separados de derecho, y sus descendientes y los de su cónyuge siempre que no estén separados de derecho, menores de 21 años, o mayores que vivan a sus expensas. Estas reglas se aplicarán, en su caso, a las personas incluidas en el ámbito de aplicación de los tratados internacionales realizados por la

Comunidad Europea y ratificados por España, en los que sea de aplicación la libre circulación de trabajadores.

Además de las personas señaladas en el párrafo anterior, podrán acceder a ella los extranjeros que se encuentren residiendo en España, de acuerdo con lo previsto en el artículo 10.2 de la vigente Ley Orgánica de Derechos y Libertades de los Extranjeros en España.

b) Edad: tener cumplidos dieciséis años de edad y no exceder la edad máxima de jubilación forzosa.

c) Capacidad funcional: no padecer enfermedad ni estar afectado por limitación física o psíquica incompatible con el desempeño de las correspondientes funciones.

d) Habilitación: no haber sido alejado mediante expediente disciplinario del servicio de cualquiera de las administraciones públicas o de los órganos constitucionales o estatutarios de las comunidades autónomas, ni encontrarse en inhabilitación absoluta o especial para empleos o cargos públicos por resolución judicial. En el supuesto de ser nacional de otro estado, no encontrarse inhabilitado o en situación equivalente ni haber sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida, en su estado, en los mismos términos, el acceso al empleo público.

e) Acreditar un tiempo de desempeño en una secretaría de juzgado de paz, en localidades de menos de siete mil habitantes, superior a los cinco años sin relación laboral con las administraciones públicas.

Base tercera.-

Podrá ser solicitada la participación por cualquier persona que reúna las condiciones citadas.

Las solicitudes se presentarán en el plazo de cinco días naturales desde la publicación de estas bases en el BOP de Ourense.

Base cuarta.-

Recibida la relación nominal de los solicitantes, se publicará esta en el tablón de edictos del ayuntamiento, y se concederá un plazo de tres días para corregir errores, incluyendo además la designación de los miembros del tribunal de selección. Una vez resueltas dichas reclamaciones, se comunicará, mediante anuncio en el tablón y comunicación telefónica o mediante correo electrónico a los afectados, su elección y la fecha de realización de la valoración de los méritos aportados.

Base quinta.-

1. El procedimiento de selección será el concurso.

Se constituirá un tribunal específico de selección, que será designado por resolución de la Alcaldía, y su composición será la determinada por la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público, teniendo en cuenta lo previsto en la Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres así como en la legislación concordante.

Base sexta.-

Fase de concurso de valoración de méritos.

Los méritos que valorará el tribunal serán los siguientes:

1.- Haber sido designado para el desempeño de la secretaría del juzgado de paz de algún ayuntamiento, siempre y cuando lo venga realizando sin relación laboral con las administraciones públicas y acredite un tiempo de desempeño superior a cinco años.

Los criterios de valoración de los méritos:

- Por desempeño de la Secretaria del Juzgado de Paz del Ayuntamiento de A Peroxa, siempre y cuando lo venga realizando sin relación laboral con las administraciones públicas y acredite un tiempo de desempeño superior a los cinco años y que no exceda de seis: 5 puntos.

- Por desempeño de la secretaria del juzgado de paz en otro ayuntamiento distinto del Ayuntamiento de A Peroxa, siempre